



AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Para o vindeiro curso 2020-21 hai tres tipos de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar polo alumnado de centros públicos, segundo a Orde de 12 de maio de 2020 (DOG 19/05/20):

1º) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de 1º e 2º de educación primaria e para ^b de educación especial

A este alumnado proporcionaráselle un vale para mercar os libros, se cumpren os requisitos esixidos:

PRIMARIA: Até 6.000 € de renda per cápita, un vale de 210 €
De 6.000 € até 10.000 € de renda per cápita, un vale de 140 €

E.E.: Con discapacidade igual ou superior ao 65%, un vale de 275 €.

2º) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de 3º, 4º, 5º e e 6º de educación primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria, que non participe no programa E-DIXGAL.

Proporcionaráselle ao alumnado os libros de texto necesarios que existan no fondo solidario até que se esgoten, en orde inversa á renda per cápita do alumnado.

3º) AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Para todo o alumnado de Primaria, E.S.O. e E.E. que non supere os 6.000 € de renda per cápita familiar, un vale por importe de 50 € (*Pódense incluír os caderniños*).

SOLICITUDES:

Poderanse realizar a través da aplicación Fondo Libros, <https://edu.xunta.es/fondolibros> ou da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

As solicitudes en papel, entregaranse **no centro docente** (oficina administrativa) ou nos rexistros oficiais, xunto coa documentación correspondente, entre o **20 de maio e o 19 de xuño**, ambos incluídos.

Os impresos de solicitude poderán obterse no centro escolar, na aplicación Fondo Libros, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e tamén se poderán descargar na páxina <http://www.edu.xunta.gal>, na sede da Xunta <http://www.xunta.gal> ou na páxina web do centro.

Cubrirase unha soa aolicitude por alumno/a e, se hai varios membros da unidade familiar no mesmo centro, tamén se cubrirá un só impreso para todos.

ENTREGA DOS LIBROS DO FONDO SOLIDARIO:

A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios o día 10 de xullo de 2020. Poderase formular reclamación contra a mesma durante os 2 días seguintes.

A relación definitiva publicarase polos medios anteriormente mencionados o 17 de xullo para educación primaria e o 14 de setembro para educación secundaria.

Os libros entregaranse ao alumnado beneficiario do fondo solidario o día de inicio das clases.

DEVOLUCIÓN DE LIBROS:

Os libros do curso actual 2020-21, adquiridos con axudas públicas, devolveranse no centro antes do día 7 de xullo, agás en educación secundaria aquel alumnado que os necesite para preparar a convocatoria extraordinaria de setembro, que poderá ter os libros que necesite ata o 7 de setembro. O alumnado de 1º e 2º de primaria, non ten que devolvelos por non ser reutilizables. A non devolución dos mesmos supón a exclusión das axudas para o vindeiro curso.

Tamén se agradece a todo aquel alumnado de primaria e/ou de secundaria que os adquiriu con fondos propios, a súa entrega no centro para incrementar o Fondo Solidario.

Todo o alumnado que pida calquera clase de libros, ten que solicitalos neste prazo.

Ares, 20 de maio de 2020.